

Proposta de nome para o proxecto	Consolidación de lexislación en galego
Proposta presentada na xuntanza do	30/5/12
Datos da persoa que fai a proposta	Servizo de Normalización Lingüística da USC
Breve descrición	Trátase dun proxecto en colaboración de técnicos/as de normalización lingüística e profesionais do Dereito para manter un repositorio dixital aberto de lexislación consolidada en galego (cando menos, da lexislación máis importante e utilizada).
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> – Facilitar o uso do galego no ámbito profesional e académico do Dereito e outros próximos (administración, asesorías...) – Dispoñer de lexislación en galego actualizada e consolidada
Explicación da acción	Un texto consolidado é o documento que integra no texto orixinal dunha norma ou disposición as modificacións e as correccións que tivo desde a súa orixe. Unha das pexas obxectivas ao uso do galego no ámbito do Dereito é a inexistencia de lexislación en galego, nomeadamente de lexislación consolidada. Aínda que contamos con traducións oficiais de leis e de versións oficiais do BOE (suplementos) dende 1998, a súa utilización vese pexada porque non está consolidada, o que obriga á consulta de múltiples documentos e á súa revisión para ver en que aspectos está modificada.
A quen vai dirixida a acción?	<ul style="list-style-type: none"> – Profesionais do mundo do Dereito: xuíces/zas, avogados/as, procuradores/as, fiscais... – Profesionais da Administración – Profesionais de asesorías, sindicatos... – Docentes e discentes das facultades de Dereito e outras galegas
Quen se propón que a promova?	<ul style="list-style-type: none"> - SNL das tres universidades galegas - SNL das audiencias - Servizo de Tradución da Xunta de Galicia - SNL da Confederación de Empresarios - SNL do Colexio de Avogados - SNL da CIG - Facultades de Dereito das universidades galegas - Irmandade Xurídica Galega - SXPL ou Xunta de Galicia

Necesidades materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Unha plataforma dixital que permita xestionar o traballo en colaboración, así como a súa publicación, cuxa unidade de traballo sexa o proxecto (non un documento). Hainas libres e de balde. - Ordenadores e conexión a internet de todos os participantes no proxecto - Probablemente, dotación económica da SXPL para a segunda fase (vid. Abaixo)
Necesidades humanas	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicos/as de normalización lingüística - Profesorado das facultades de Dereito e profesionais do Dereito: para labores de asesoramento e auditoría - Experto/a en plataformas para o traballo en colaboración
Proposta de xestión do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> - 1ª fase: Pódese partir da escolma de lexislación básica de Témoslle lei e revisar e consolidar o que hai, segundo as indicacións dos de Dereito - 2ª fase: A SXPL/Xunta terá que facer xestións para contarmos con versións oficiais en galego daquela lexislación que careza dela - 3ª fase: Mantemento do xa existente e ampliación coa nova lexislación que vaia xurdindo
Prazos previstos	<ul style="list-style-type: none"> - 1ª fase: Comezo en xuño e remate en decembro de 2012 - 2ª fase: Comezo en xuño de 2012 e remate durante 2013 - 3ª fase: A partir de 2012-2013
Outras observacións	-